

# MANIFESTO

# ENFERMEIRO

## **AS ENFERMEIRAS CHAMAN A DEFENDER A SAÚDE E MOBILIZARSE CONTRA A EXTREMA DEREITA E O FASCISMO**

As enfermeiras somos o grupo profesional encargado de prestar cuidados ás persoas en calquera circunstancia, para promover a súa vida e asegurar a súa dignidade e benestar. Este compromiso, particularmente importante en relación coas persoas vulnerables, pobres, discriminadas e oprimidas, lévanos a unir as nosas voces para alertar contra a extrema dereita, o totalitarismo e o fascismo.

A polarización política e a crecente inequidade, onde o 1% acumula riqueza e poder, xera alienación social. As políticas de extrema dereita prometen mellorar as condicións da xente e solucionar os seus malestares, pero en realidade, exacerbando as tensións e crean conflito social a través de polarizar á sociedade, fomentando a intolerancia, desprezando o cambio climático, repudiando ás persoas inmigrantes e mofándose daqueles que buscamos máis igualdade.

Aproveitándose dun discurso populista, as súas políticas enganosas opóñense ao coidado, á democracia, á equidade, á diversidade social, á sustentabilidade ecolóxica, e ó dereito universal á saúde. Pretenden representar ás grandes masas, cando o seu foco é asegurar os intereses dunha minoría depredadora.

**As enfermeiras temos memoria** e non aceptamos a reaparición e o fortalecemento de propostas políticas que parecían enterradas na historia. Lembramos como movementos totalitarios chegaron ao poder a través de eleccións democráticas, utilizando a violencia, o odio, a desinformación e o conflito para gañar o poder. Fano apuntando, entre outros, ás mulleres e ás persoas diferentes, xa sexa pola súa raza, identidade ou orientación sexual, status legal, relixión, etnia ou clase social.

**As enfermeiras propoñemos o coidado como un antídoto fronte a políticas de extrema dereita** que nos levan ao fascismo. Coidar a outros é esencial para a civilización e para combater ao totalitarismo, democratizando recursos e empoderando ás persoas. Por iso, vemos con gran preocupación o avance da extrema dereita, que promove nacionalismo, autoritarismo, conservadurismo social, violencia, hostilidade e desinformación, afastándonos dunha sociedade de coidado.

**As enfermeiras consideramos o coidado como un dereito universal básico,** mentres que a extrema dereita veo como un negocio e un privilexio. Actualmente, o totalitarismo e os grupos económicos buscan eliminar ese dereito e a cobertura universal en saúde. Isto é grave, xa que, como demostra a evidencia e manifestan todos os organismos internacionais, dispoñer de coidados adecuados é un potente nivelador de desigualdades, protexe das situacións de desamparo e vulnerabilidade e proporciona a seguridade de conseguir unha vida digna, sexa cal for a circunstancia persoal ou social.

**As enfermeiras denunciaremos o sufrimento evitable e propoñemos o coidado como principal contención.** A ideoloxía de extrema dereita está a destruír sistemas de saúde públicos, mercantilizando a atención sanitaria, eliminando o dereito a unha maternidade responsable e vulnerando a igualdade. As enfermeiras alzamos a voz contra as políticas sanitarias e sociais desta ideoloxía para defender o dereito ao coidado para todas as persoas. Fronte á polarización, a violencia e o odio, as enfermeiras propoñemos o coidado como muro de contención.

**As enfermeiras pedimos a cada persoa e a cada grupo unha reflexión profunda** sobre como actúa a ideoloxía de extrema dereita destruindo as estruturas de cobertura sanitaria, os dereitos sociais e o coidado ás persoas e as súas comunidades. Por tanto, chamamos a implicarse en accións para denunciar e frear ás organizacións de extrema dereita, utilizando o voto, a participación e o control democrático das políticas.

Os valores que sosteñen o traballo das enfermeiras non nos permiten permanecer indiferentes ante as consecuencias da ideoloxía de extrema dereita. **Por iso, comprometémonos a usar toda a nosa forza e influencia para mobilizarnos e expresarnos freando calquera ideoloxía que dificulte a consecución da saúde universal para todos, dos dereitos sociais e de mellores coidados.**

**Jean Watson.** Doutora honoris causa pola Universidade Rovira i Virgili (2010)

**Rosamaría Alberdi Castell.** Doutora honoris causa pola Universidade de Murcia (2016)

**Doris Grinspun.** Doutora honoris causa pola Universidade de Lleida (2018) e pola Universidade de Burgos (2022)

**Denise Gastaldo.** Doutora honoris causa pola Universidade da Coruña (2019)

**María Teresa Moreno Casbas.** Doutora honoris causa pola Universidade de Huelva (2023)

**María Paz Mompert García.** Doutora honoris causa pola Universidade de Alacante (2024).